

## 28 cultura TERZA FEIRA 16 DE XULLO DE 2024 NÓS DIARIO

A representación o domingo no Festival de Almada (distrito de Setúbal, Portugal) de *Manuela Rey is in da House*, unha obra que rescata a incrível biografía da actriz de Mondoñedo que se converteu en estrela do teatro portugués, inscribíse como unha páxina de honra na recuperación da memoria dos teatros galego e portugués e das súas relacións, ademais de debuxar un proxecto de cooperación sempre desexado.

Texto Manuel Xestoso @MXestoso + Foto CDG

# Manuela Rey vincula Galiza e Portugal na escena

O CDG preséntase no Festival de Almada

A primeira obra de teatro en lingua galega da que temos noticia fala da relacións con Portugal: dunha forma ambigua, *O entremés famoso da pesca no río Miño* exploraba os equívocos que rodeaban os vínculos entre os dous veciños, explorando un conflito que se revela máis de clase que de nacionalidade. Desde aquel lonxínco inicio dunha dramaturxia que se aventuraba nas ligazóns entre dúas culturas tan próximas como distanciadas por motivos políticos alleos á vontade dos pobos, as oportunidades de encontro entre os teatros dos dous países son máis escasas e azarosas do que nos gustaría. E non obstante, o diálogo continúa permanentemente aberto, nun recoñecemento mutuo que non sempre atopa o apoio necesario das clases dirixentes en ambas beiras do Miño.

O Festival de Teatro de Almada vén de presentar na súa 41ª edición *Manuela Rey is in da house*, un espectáculo coproducido polo Centro Dramático Galego (CDG), o Teatro do Noroeste-Centro Dramático de Viana, o Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa e o Teatro Nacional São João do Porto. Un esforzo

de produción galego-portuguesa que, ademais, afonda nun episodio que vén demostrar, mais unha vez, a permeabilidade dunha fronteira que atinxe o político, mais non o cultural.

### Unha biografía abraiante

A existencia de Manuela Rey, malia que histórica, aproxímase moito á lenda. E a unha lenda abraiante. Nada nunha parroquia rural de Mondoñedo (A Mariña) en 1842, desenvolveu unha rápida e brillante carreira como actriz até o punto de se converter nunha das principais figuras da interpretación en Portugal.

Non se sabe con certeza como Manuela chegou a formar parte dunha compañía de teatro ambulante que pasaría por Mondoñedo, pero con só seis anos xa subía aos escenarios recitando versos e facendo pequenos papeis. O autor do libro *Manuela Lopes Rey*, da colección Os Contemporaneos, editado en Lisboa arredor de 1867, supón que cando andaba polos 4 ou 5 anos pasaría por Mondoñedo unha compañía dramática itinerante que se hospedaría na fonda onde traballaba a nai. A meniña conquistaría os comediantes e estes propoñeríanlle á nai que llela cedese en adopción.


Aínda que existen versións encontradas sobre os seus primei-

ros anos -Gamallo Fierros afirma que Manuela andaría aínda por Mondoñedo aos 10 anos e que logo emigraría a Portugal, e Álvaro Cunheiro opina que puido ir para Lisboa como asistente con alguén da familia Barro de Viloalle-, parece certo que Manuela chegou a Lisboa en 1856 formando parte dunha compañía de teatro.

Pouco a pouco, a novísima intérprete vai gañando prestixio e, xa en 1859, figura nunha listaxe de biografías de actores e actrices destacadas de Portugal e Brasil que se ía publicar baixo o título *Galeria artística*, da autoría de Machado, Andrade e Ferreira.

Pouco despois de cumprir os 15 anos, o 23 de novembro de 1857, comeza a súa excelente, aínda que breve carreira, no Teatro Nacional D. Maria II coa obra *A alegría traz o susto*. Desde 1857 até finais de 1865 representou numerosas obras, sempre no Teatro Dona Maria, a maioría cun éxito rotundo, até converterse na "maior de todas as nosas actrices románticas", ao dicir de Camilo Castelo Branco.

"O traballo de posta en escena deste espectáculo foi tan apaixonante no eido da investigación coma no da montaxe propiamente teatral", declara Fran Núñez, autor e director da obra. "É unha personaxe abso-



Raquel Crespo nunha escena de 'Manuela Rey is in da House'.



## "A OBRA INTERPÉLANOS SOBRE COMO SE RELACIONAN DOUS POBOS QUE COMPARTEN LINGUA E CULTURA", SALIENTA FRAN NÚÑEZ

lutamente apaixonante, e moi adiantada ao seu tempo. Non só era actriz, senón que tamén escribía obras -como a comedia titulada *A actriz* e o proverbio *Por este deixarás pae e mãe*, segundo os comentarios da época, nun estilo elegantísimo- cun contido que hoxe catalogaríamos inequivocamente de feministas, pero a mediados do século XIX".

Núñez, de feito, refírese a unha obra perdida que consistía nun diálogo entre catro mulleres e cuxo contido, polas referencias da época, sería case revolucionario. "Aínda temos a esperanza de que apareza algunha copia, mais polo de agora as nosas pesquisas non deron resultado", lamenta, engadindo que atopar eses textos redundaría no achegamento entre as culturas galega e portuguesa. "En que escribía Manuela Rey? En galego ou en portugués? Ou temos que aceptar a idea de que ambas linguas non son senón variantes dun mesmo idioma? A recuperación da súa figura formula preguntas moi interesantes para o encontro entre as nosas dramaturxias".

Resulta case incríbel que se perde a memoria desta actriz non só na Galiza, senón tamén en Portugal. "Aquí tampouco se garda lembranza dela", explica Rodrigo Francisco, director do



Compañía de Teatro de Almada



Europa Press

Rodrigo Francisco, director do Festival de Almada e, abaixo, Fran Núñez, autor e director de 'Manuela Rey is in da House'



Nós Diario

Manuela Rey.

### Manuela Rey e María Casares

**Fran Núñez non se resiste a facer o paralelismo entre Manuela Rey e outra fabulosa diva galega do teatro que triunfou fóra da Galiza: María Casares. "Creo que cando menos, deberíamos honrar a súa figura tanto como a de Casares. Salvando todas as distancias, mesmo penso que Manuel Rey representa mellor a un sector maioritario da sociedade galega do seu tempo: procedente do rural, autosuficiente, loitadora... Mais sobre todo creo que deberíamos honrar eses vínculos estreitos con Portugal, que aínda hoxe seguen a ser unha materia pendente nos nosos respectivos países".**

Festival. "Vai ser un auténtico descubrimento tamén para o público portugués". O director de Almada tamén fai fincapé nese carácter pioneiro dunha muller "que escribe con autonomía do seu propio xénero, cunha consciencia moi pouco habitual na altura".

Infelizmente, Manuela Rey faleceu con só 23 anos de idade, deixando no ar toda unha serie de promesas formuladas pola súa fulgurante traxectoria.

### Memoria do teatro

O que si ten claro Núñez é que a presentación en Almada culmina un primeiro periplo da obra. "O de Almada é un festival que se preocupa extraordinariamente da memoria do teatro e rematar aquí esta primeira etapa é un luxo. Creo que máis alá do feito teatral, de se a montaxe está mellor ou peor acabada, de se acertamos ou non coa posta en escena... *Manuela Rey is in da House* é unha obra cun valor cultural e político de primeira orde que nos interpela sobre como se relacionan dous pobos -principalmente a través do teatro- que comparten cultura e lingua, e sobre como nos relacionamos coa memoria do teatro que, en certo sentido, reflicte a forma en como nos relacionamos coa nosa propia conciencia política, de país".